

CONTRATO PROGRAMA COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A DISTRIBUCIÓN DA SUBVENCIÓN POR RESULTADOS SEGUNDO O PREVISTO NO PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2011-2015

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011

1.-Xustificación

O 21 de decembro de 2010 foi asinado polos responsables das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polos reitores das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, o acordo sobre o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.

Entre as fórmulas contempladas no dito plan se atopan os contratos programa como instrumentos de articulación consensuada das relacións entre as institucións e algúns dos aspectos do financiamento do sistema universitario. Trátase de avanzados instrumentos de financiamento para alcanzar obxectivos de interese público no ensino universitario que fixarán unha situación de partida, uns obxectivos de mellora contrastables, e uns informes públicos para dar conta á sociedade galega do emprego dos recursos públicos outorgados ás universidades.

Esta aposta por impulsar, consolidar, e orientar a educación universitaria de natureza pública é a expresión instrumental da administración educativa para fomentar a calidade da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento. Todo iso facilitando un cambio na xestión universitaria cara á eficacia e á eficiencia no emprego de recursos. Estes obxectivos acadarase mediante o compromiso da administración pública de recompensar ás universidades en función dos esforzos que realicen en dirixir aos traballadores universitarios e os recursos materiais cara ás liñas de mellora continua da formación que realizan, así como potenciar unha investigación que xere valor de retorno para a sociedade galega.

O presente contrato programa, correspondente aos exercicios 2011 e 2012, realízase en execución do establecido na letra a), apartado II do punto segundo, Subvención por resultados, do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, no que se prevé asinar dous contratos programa con cada unha das universidades.

En concreto, o antedito plan establece o seguinte respecto da Subvención por resultados:

“Os créditos asociados a este fondo distribuiranse en función de contratos programa individualizados que se acordarán con cada unha das universidades asinantes.

No período de vixencia deste plan asinaranse dous contratos programa con cada unha das universidades, o primeiro deles comprenderá os anos 2011-2012 e o segundo estará vixente nos anos 2013-2015.

Nestes instrumentos de repartición recollerase a situación de partida e estableceranse os obxectivos de mellora de cada universidade para cada unha das seguintes áreas de acción:

- Adaptación ás necesidades sociais*
- Docencia*
- Investigación*
- Transferencia de tecnoloxía*
- Proxección internacional*
- Responsabilidade social*
- Xestión*
- Campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra*

As medicións dos resultados realizaranse aplicando indicadores asociados a cada unha das áreas, tal e como figura no anexo deste acordo, no cal se establece o procedemento de normalización e ponderación.”

Así mesmo o Plan fixa os créditos destinados á Subvención por resultados nos anos 2011 e 2012 en 19.005.940 euros en cada un destes exercicios, dos cales, unha vez aplicados os criterios consensuados coas tres universidades, correspóndelle á Universidade da Coruña unha contía de 5.131.603,80 euros no ano 2011.

Para os anos 2013 a 2015 o plan prevé que “*a asignación dos créditos correspondentes a este fondo determinarase pola aplicación dos indicadores das áreas de acción, calculados con base nos datos proporcionados polas universidades en cada exercicio*”.

2.-Obxecto

Tendo en conta o anterior, o presente contrato programa ten por obxecto acordar 20 obxectivos de mellora en oito áreas de acción, segundo o establecido no panel de indicadores, que figura como Anexo ao presente documento, no cal fíxanse os aspectos definitorios das dimensións máis relevantes da actividade universitaria, de xeito que os recursos vinculados á Subvención por resultados que se asignen á Universidade da Coruña, a partir do ano 2013, determinaranse en función do logro deses obxectivos, tal e como establece o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.

Deste xeito, consta no Anexo do presente documento a situación de partida da Universidade da Coruña, que resulta de aplicar os indicadores asociados ás áreas de acción aos datos correspondentes desta universidade no ano 2010. Partindo destes valores iniciais, fíxanse 20 obxectivos de mellora, cuxos resultados deberán ser avaliados anualmente, ao longo do período de vixencia do presente contrato programa, é dicir, nos anos 2011 e 2012.

Cos obxectivos de mellora acordados, a Universidade de Coruña comprométese a avanzar cara a

- Consolidar a plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do EEES.
- Formación de profesionais competitivos no contexto socioeconómico actual, incorporando os coñecementos, capacidades, habilidades e aptitudes que demanda unha economía e un mercado laboral en cambio permanente.
- Potenciar a formación específica dos investigadores, como profesionais estratéxicos no proceso de modernización dunha economía competitiva na sociedade do coñecemento.
- Asumir unha actividade de investigación con visibilidade nacional e internacional, sostible e xeradora de valor académico, social e económico.

- Propiciar a capacidade tecnolóxica efectiva para incrementar a competencia empresarial e a renovación do tecido produtivo, nunha aposta decidida polo desenvolvemento económico baseado no coñecemento
- Innovar, contribuíndo de forma activa aos procesos de modernización e cohesión socioeconómica, asegurando o acceso universal, á divulgación e á valorización do coñecemento.
- Asegurar o cumprimento dos principios básicos do plan: estabilidade financeira, equidade institucional, eficiencia e suficiencia.
- Incrementar, de maneira progresiva, a cantidade de recursos que se poden obter mediante concorrencia competitiva en base ao logro de obxectivos.

Se trata de fomentar a mellora da calidade e os resultados docentes; potenciar a actividade investigadora básica e aplicada; apoiar as actividades de responsabilidade social; e de xestión, establecendo indicadores susceptibles de valorar os resultados das actuacións da universidade de A Coruña orientados a conseguir os obxectivos acordados neste documento.

3.-Medicións dos resultados

As medicións dos resultados realizaranse aplicando indicadores asociados a cada unha das áreas, tal e como figura no Anexo do presente contrato programa.

Deste xeito, a avaliación da Universidade da Coruña para recibir o importe íntegro desas cantidades, basearase na obtención dos resultados individualizados que se especifican no Anexo deste documento como Obxectivos de mellora.

O panel de indicadores recollido no Anexo a este documento actualizarase antes do 30 de novembro de cada ano de vixencia do presente contrato programa. No caso de non acadarse os Obxectivos de mellora nalgún indicador, a Universidade incluírá unha xustificación de cada desviación producida así como a correspondente proposta de actuación de cara a corrixir a mesma e acadar o obxectivo fixado no contrato programa.

4.-Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento da execución do presente contrato programa e análise dos datos e dos resultados obtidos, crearase unha Comisión de Seguimento e avaliación que estará constituída por:

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: o secretario xeral de Universidades ou persoa en quen delegue e outras dúas persoas designadas por el.

Pola Universidade da Coruña: o reitor da Universidade da Coruña, ou a persoa en quen delegue e outras dúas persoas designadas por el.

Esta comisión resolverá cantas dúbidas ou lagoas puideran xurdir na interpretación e desenvolvemento do presente contrato programa, procederá a análise dos datos presentados pola universidade.

Á vista dos datos presentados, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria avaliará o nivel de cumprimento dos obxectivos sinalados no Anexo do presente documento.

5.-Financiamento

O presente contrato programa financiarase cos créditos que figuren nos orzamentos dos anos 2011 e 2012 nas aplicacións orzamentarias correspondentes dos programas 422C e 561B.

Conforme ao establecido na letra a), apartado II do punto segundo, Subvención por resultados, do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, a contía das dúas anualidades será idéntica, correspondendo á Universidade da Coruña un importe de 5.131.603,80 euros en cada ano, e os resultados derivados da aplicación deste contrato programa utilizaranse como un dos datos a considerar no establecemento dos indicadores das áreas de acción que determinen a participación da Universidade da Coruña, en concorrencia competitiva, na subvención por resultados que se consigne nos orzamentos de 2013.

6.- Vixencia

O presente contrato programa entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2012, sen prexuízo da utilización dos seus resultados como un dos datos a ter en conta para establecer os criterios de distribución que determinan a participación da universidade, en concorrencia competitiva, na Subvención por resultados correspondente ao 2013.

Estando de acordo co exposto, ambas institucións comprométense a cumprir os obxectivos sinalados, para o cal asinan o presente documento no lugar e data sinalados *ut supra*.

Pola Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria
O conselleiro

Pola Universidade de A Coruña
O reitor

Jesús Vázquez Abad

José María Barja Pérez

ANEXO

PANEL DE INDICADORES 2010

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALOR
1. Alumnos matriculados na súa opción preferida	a) Número total de alumnos matriculados por 1.ª vez en graos que se matriculan na súa 1ª opción de preinscrición no curso n-1/n. b) Número total de alumnos matriculados por primeira vez en graos no curso n-1/n.	a) 1.956 b) 3.028 V = 64,60 %
2. Tempo medio en atopar emprego	a) Tempo medio en atopar emprego (Curso 2006-07, último dato dispoñible)	V = 4,69 meses
3. Cualificación do PDI	a) Número de Persoal Docente e Investigador (PDI) da universidade co grao de doutor a 31/XII/n-1 (31/XII/2009) b) Número de PDI da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)	a) 896 b) 1.455 V = 61,58 %
4. Taxa de graduación	a) Número total de alumnos que remataron unha titulación de grao no curso n-2/n-1 (2008/2009) e a comezaron no curso n-5/n-4 (2005/2006) b) Número total de alumnos que se matricularon por primeira vez nunha titulación de grao no curso n-5/n-4	a) 634 b) 3.692 V = 17,17 %
5. Alumnos de posgrao por graduado	a) Numero total de alumnos de nova matrícula en programas oficiais de posgrao no curso n-1/n. (2009/2010) b) Número total de alumnos graduados en titulacións de grao no curso n-2/n-1 (2008/2009).	a) 668 b) 2.628 V = 25,42 %
6. Produción científica	a) Número de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR e publicados polo PDI da universidade multiplicado (ponderado) cada un polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n-1. (2009) b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).	a) 713,73 b) 896 V = 0,80
7. Programas de doutoramento con mención de calidade/Selo de excelencia	a) Número total de programas de doutoramento da universidade con Mención de Calidade/Selo de Excelencia no curso n-1/n. (2009/2010) b) Número total de programas de doutoramento da universidade no curso 2009/2010.	a) 9 b) 79 V = 11,39 %
8. Resultados de investigación. De carácter académico: sexenios	a) Número total de sexenios concedidos ao PDI doutor da universidade a 31/XII/n-1. (31/12/2009) b) Número total de sexenios posibles (Cantidade de sexenios que podería posuír) do PDI doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).	a) 902 b) 1.088 V = 82,90 %

9. Ingresos de investigación por proxectos competitivos	a) Ingresos procedentes de proxectos, convenios e subvencións específicas concedidos por terceiros para investigadores e/ou grupos de investigación ao longo do ano n-1. b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)	a) 5.400.229 € b) 896 V = 6.027,041 €
10. Resultados de investigación. Patentes en explotación	a) Número de patentes e modelos de utilidade concedidas ao PDI da universidade na Oficina Española ou Europea de Patentes durante o ano n-1. (2009) b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)	a) 13 b) 896 V = 0,0145
11. Ingresos por transferencia	a) Ingresos liquidados nos orzamentos das universidades por importes liquidados no ámbito do art. 83 da LOU (contratos e convenios formalizados con terceiros para a prestación de servizos de investigación, consultaría e asesoramento) b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)	a) 6.657.629 € b) 896 V = 7.430,39 €
12. Alumnos de intercambio	a) Número de alumnos de intercambio (tanto entrantes como saíntes) que participan de programas de intercambio internacional (ERASMUS, ERASMUS Mundus, Leonardo,...) de alumnos durante o curso n-1/n (2009/2010) b) Número total de alumnos matriculados en graos e programas oficiais de posgrao da universidade no curso n-1/n (2009/2010)	a) 825 b) 22.437 V = 3,68 %
13. Número de meses de estancia en universidades estranxeiras	a) Número de meses de estancia (Superiores a 15 días por estancia) acreditados polo PDI da universidade en universidades e centros de investigación estranxeiros durante o ano n-1 (2009). b) Número de PDI da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)	a) 254,17 b) 1.455 V = 0,175
14. Acción social (Formación de valores)	a) Número de alumnos da universidade que participaron en programas de voluntariado, participación e cooperación desenvolto como acción directa dos membros da comunidade universitaria interesados en destinar parte do seu tempo a acción voluntaria de maneira activa durante o ano n-1/n (2009/2010). b) Número total de alumnos matriculados en graos e programas oficiais de posgrao da universidade no curso n-1/n (2009/2010) a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)	a) 148 b) 22.437 V = 0,66 %
15. Número de teses lidas en lingua galega	a) Número de teses lidas e aprobadas en galego na universidade no ano n-1 (2009). b) Número de teses lidas e aprobadas na universidade no ano n-1 (2009).	a) 17 b) 96 V = 17,71 %
16. Porcentaxe de PAS en programas de formación	a) Número de persoal de administración e servizos (PAS) da universidade que participou en programas de formación no ano n-1 (2009). b) Número de PAS da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)	a) 375 b) 762 V = 49,21 %
17. Certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión	a) Número de servizos ou centros de xestión da universidade que teñen unha certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión a 31/XII/n-1 (31/XII/2009). b) Número de servizos ou centros de xestión da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).	a) 10 b) 41 V = 24,39 %

18. Alumnos matriculados na súa opción preferida nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra	a) Número total de alumnos matriculados por 1. ^a vez en graos que se matriculan na súa 1. ^a opción de preinscrición no curso n-1/n nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009) b) Número total de alumnos matriculados por primeira vez en graos no curso n-1/n (2009/2010) nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)	a) 106 (FE) b) 449 (FE) V = 23,61 %
19. Produción científica nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense/Pontevedra	a) Número de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR e publicados polo PDI da universidade con praza nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra multiplicado (ponderado) cada un polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n-1 (2009) b) Número de PDI co grao de doutor con praza nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)	a) 73,18 (FE) b) 135 (FE) V = 0,54
20. Sexenios nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra	a) Número total de sexenios concedidos ao PDI doutor dos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009). b) Número total de sexenios posibles (Cantidade de sexenios que podería posuír) do PDI doutor dos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).	a) 104 (FE) b) 140 (FE) V = 74,29 %

OBXECTIVOS DE MELLORA

Para os anos 2011 e 2012, establécense os seguintes obxectivos para cada un dos indicadores para o bienio:

ISUG-01: Mantemento

ISUG-02: Mantemento

ISUG-03: 2%

ISUG-04: 1,7%

ISUG-05: 3%

ISUG-06: Acadar un valor de 0,88

ISUG-07: 12,5%

ISUG-08: Mantemento

ISUG-09: Mantemento

ISUG-10: Acadar un valor de 0,016

ISUG-11: 8.000€

ISUG-12: 4%

ISUG-13: Acadar un valor de 0,19

ISUG-14: Acadar un valor do 0,72

ISUG-15: Mantemento

ISUG-16: Acadar un valor do 50%

ISUG-17: Acadar un valor do 26,8%

ISUG-18: Mantemento

ISUG-19: Acadar un valor de 0,6

ISUG-20: Mantemento